

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de febreiro de 2020**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 18.05 horas do día 20 de febreiro de 2020, reúnese a comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Non asiste a Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, dona Montserrat Lama Nóvoa.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 23 DE XANEIRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de xaneiro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 23 de xaneiro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- NOMEAMENTO DE DON ALFREDO CONDE CID COMO FILLO PREDILECTO DA PROVINCIA DE OURENSE.-

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, presidenta da Comisión, da conta da proposta de Presidencia.

A continuación todos os portavoces dos restantes grupos manifestan o seu apoio á dita proposta.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Outorgarlle o título honorífico de fillo predilecto da provincia de Ourense ao insigne escritor ourensán don Alfredo Conde Cid, como recoñecemento do noso pobo a un destacado veciño, cuxa frutífera traxectoria literaria e vital o sitúa como un dos escritores máis insignes que deu o noso país.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, presidenta da Comisión, informa aos membros da Comisión que en relación coa pregunta formulada na anterior comisión, relativa á adquisición de pezas exclusivas da colección de Sargadelos, deuse acceso ao dito expediente aos grupos políticos provinciais que o solicitaron, Grupo Socialista, BNG e Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta cal é a situación actual das escolas deportivas que a Deputación Provincial impulsou no ano 2016 nalgúns concellos nas disciplinas de fútbol, balonmán, judo, e xadrez, e se se vai continuar colaborando economicamente no mantemento destas.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, presidenta da Comisión, indica que recabará información sobre isto.

E, ás 18.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.